

**PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, SOCIEDADE ANÓNIMA**

Por acordo do Consello de Administración da Sociedade, convócase Xunta Xeral Extraordinaria de Accionistas, no domicilio social de San Cibrao das Viñas (Ourense), Parque Tecnolóxico de Galicia, en primeira convocatoria o próximo día 15 de novembro ás once horas, e en segunda convocatoria, á mesma hora e lugar, o día 16 de novembro de 2015, co obxecto de deliberar e resolver sobre os seguintes asuntos:

**ORDE DO DÍA**

**Primeiro.-** Aprobación, se procede, dun aumento do capital social consistindo o seu contravalor en achegas monetarias na suma de 405.681,75 € euros, mediante a emisión e posta en circulación de 675 novas accións. As novas accións emítense cunha prima de emisión ascendente, na súa globalidade, a 161.318,25 euros, a razón de 238,99 por cada nova acción emitida. Fixación das condicións de subscrición e desembolso, respetando o dereito de subscrición preferente dos accionistas. Delegación de facultades o Consello de Administración para executar os acordos, no seus caso, adoptados.

**Segundo.-** Aprobación, se procede, da modificación do artigo número 5 dos Estatutos Sociais relativo á cifra de Capital Social.

**Terceiro.-** Cesamento e nomeamento de Conselleiros do Consello de Administración, se procede.

**Cuarto.-** Autorización ós membros do Consello de Administración para que poidan adicarse, por conta propia ou allea, ó mesmo, análogo ou complementario xénero de actividade que constitue o obxeto social da Sociedade, se procede.

**Quinto.-** Concesión de facultades para elevar a públicos os acordos que se tomen.

**Sexto.-** Rogos e preguntas.

**Sétimo.-** Redacción e aprobación, se é o caso, da Acta da Xunta e/ou designación de interventores para a súa aprobación.

Comunicase ós señores accionistas, en virtude do previsto no artigo 197 da Lei de Sociedades de Capital, o dereito que lles asiste a solicitar con anterioridade á celebración da Xunta, os informes e aclaracións que estimen precisos sobre os asuntos comprendidos na Orde do día ou formular por escrito as preguntas que estimen pertinentes ata o sétimo día anterior o previsto para a celebración da Xunta.

Asimismo, en cumprimento do previsto no artigo 287 da Lei de Sociedades de Capital, informase de que a partir da presente convocatoria, os señores accionistas terán dereito a examinar no domicilio social o informe elaborado polo Consello de Administración da Sociedade que contén o texto integro da modificación estatutaria proposta así como a xustificación da mesma, podendo pedir a entrega ou o envío gratuito do devandito documento.

Finalmente, informase ós señores accionistas que, por experiencia de ocasións anteriores, a Xunta celebrarase probablemente en segunda convocatoria.

En San Cibrao das Viñas (Ourense), a 5 de outubro de 2015.

O Vicepresidente do Consello de Administración, D. Manuel Antonio Varela Rey, Representante persoa física de Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

